



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 2/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D<sup>a</sup>. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D<sup>a</sup>. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D<sup>a</sup>. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D<sup>a</sup>. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, pola Sra. García Gómez dáse lectura dun manifesto con motivo da celebración do ía 8 de marzo, que se transcribe a continuación:

“O día 8 de Marzo ten as súas raíces na loita das mulleres polos seus dereitos. En 1908, un grupo de mulleres traballadoras téxtiles declarouse en folga en Nova York para protestar polas súas condicións laborais inhumanas e esixir mellores salarios, horarios e condicións de traballo. Esta folga foi un precursor importante para os dereitos das mulleres.

Indubidablemente avanzouse moito, pero somos conscientes que aínda queda moito por facer, e sen dúbida os Concellos, xogamos un papel esencial para lograr a igualdade real tan necesaria que todos desexamos.



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

No Día Internacional da Muller, as entidades locais comprometémonos a promover a igualdade de xénero en todas as áreas da sociedade. Recoñecemos que aínda existen desigualdades sistémicas que afectan as mulleres nas nosas comunidades e comprometémonos a abordalas de maneira activa e efectiva, tendo especial sensibilidade con aquelas mulleres que máis difícil téñeno, como son as mulleres con discapacidade, mulleres migrantes, mulleres de diferentes etnias e mulleres que viven no medio rural.

Non se pode progresar sen a metade da poboación, que son as mulleres, nin á conta delas. Tal como expresa Nacións Unidas, “a igualdade de xénero é o maior desafío actual en materia de dereitos humanos”. Ademais, o progreso das mulleres é un factor que beneficia a toda a sociedade.

Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos de todas as mulleres e nenas, incluído o dereito á igualdade, a autonomía sobre os seus corpos e decisións, e a eliminación de todas as formas de violencia e discriminación baseadas no xénero, por iso comprometémonos a cumprir as medidas implementadas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

É imprescindible por iso, renovar o gran logro social e político que supuxo o Pacto de Estado contra a Violencia de xénero, e axuntar esforzos e incrementar recursos de prevención para atender ás mulleres vítimas das violencias de xénero. Comprometémonos a implementar políticas e programas que promovan a igualdade de xénero no acceso á educación, o emprego, a saúde, a participación política e a toma de decisións en todos os niveis.

Instamos a todas as entidades locais a adoptar medidas concretas para alcanzar a paridade na toma de decisións e acabar coa brecha salarial de xénero, terminar coa parcialidade involuntaria á que ven abocadas moitas mulleres, garantir a representación equitativa de mulleres en todos os ámbitos da vida pública e promover unha contorna segura e respectuosa para todas as mulleres e nenas. É imprescindible fomentar os servizos de coidados desde o público para facilitar que a maternidade non penalice ás mulleres no mercado laboral, porque sobre elas recaen o peso dos coidados.

Facemos un chamamento á acción ás nosas comunidades para que se unan en solidariedade coas mulleres de todo o mundo e traballen xuntos para crear un futuro máis xusto e igualitario para todas as persoas, independentemente do seu xénero. As políticas de igualdade deben ser transversais e impregnar o conxunto das nosas actuacións.

Desde o ámbito local comprometémonos a seguir impulsando os avances que consigan alcanzar unha sociedade mellor, máis equitativa, en definitiva, máis democrática.

Xuntas e xuntos, podemos construír un mundo onde todas as mulleres e nenas poidan vivir libres de discriminación e violencia, e alcanzar a igualdade real”.

Seguidamente procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

## 1. INFORMES DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde informa das actuacións seguintes.

Liquidación dos orzamentos municipais do ano 2023. Aprobado mediante decreto de 23/02/2024. Indicadores máis salientables: Resultado orzamentario positivo 1.664.000 euros, Remanente de Tesourería para gastos xerais positivo 3.469.000 euros, Aforro neto legal positivo 2.410.000 euros, o que supón o 22,98 % sobre os dereitos liquidados. Resultado de



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación dos orzamentos municipais exercicio 2023 cúmprese ao presentar un resultado de 604.000 euros, 4,66 % dos ingresos non financeiros. Non se avalía o cumprimento da regra de gasto por estar suspendidas as regras fiscais. O protocolo de débeda 370.000 euros, 3,54 % dos recursos correntes liquidados. Período medio de pagamento a 31/12/2023 0,85 días.

En virtude do disposto no art. 12 da Lei 25/2013, de 27 de decembro. Informe da intervención municipal. Facturas que tiveron entradas no ano 2023 e a súa situación a 31/12/2023. Facturas recibidas 2.218, rexeitadas 100, anuladas 2, rexistradas no Rexistro contable de facturas 51, contabilizadas e obrigas recoñecidas 5, pagadas 2.060. Períodos medios de pago, 1º trimestre 1,48 días, 2º 3,92 días, 3º 1,02 días e 4º 0,85 días.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

### 2. APROBACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DO 75% DA COTA DO ICIO, LICENZAS URBANÍSTICAS/COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.

Vistas as solicitudes de concesión de bonificación cota ICIO, licenza urbanística/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación dunha explotación agrograndeira existente (**Expdte. 2024/X998/000097**).

Visto o disposto no art. 8.2 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 87, de data 09/05/2018).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 23/02/2024.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do 75% da cota do ICIO, licenzas urbanísticas/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación das explotacións agrograndeiras seguintes:

- **CASA RAÑA S.A.T. Nº 1037 XUGA**, con CIF nº V15710114, obras en solo rústico de protección agropecuaria (solo non urbanizable común, NU), de ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: ampliación de fosa de xurro (**472,60 m2**), en Lg. Ludiño, 5, Pereira, Ordes [(parcela 338 da ZCP de Beán-Pereira II) (Parcela catastral 15060R502003380000ER)], segundo proxecto técnico redactado por José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de **euros 176.000,00 (Expdte. 276/2023 – 2023/U022/000013)**.

### 3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2023, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### 4. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A accesibilidade universal refírese á condición que deben cumprir os entornos, obxectos e/ou servizos para ser usados pola maior cantidade de persoas.

Dentro da accesibilidade universal contéplase (i) a accesibilidade física (ii) a accesibilidade cognitiva e (iii) a accesibilidade sensorial.

#### (i) Accesibilidade física

A accesibilidade física atópase estreitamente relacionada coa contorna física. Céntrase nas barreiras que afectan ás persoas con mobilidade reducida aínda que pode afectar a outras como as que portan carriños de bebé. Algúns exemplos son a colocación de interruptores e timbres a unha altura axeitada, a ampliación de beirarrúas, a colocación de ramplas de acceso, a instalación de barras e plataformas elevadoras ou a adaptación de baños.

#### (ii) Accesibilidade cognitiva.

Engloba aqueles aspectos relacionados coa comprensión e as capacidades mentais. Baseáse na propiedade que debe ter unha mensaxe (texto, comunicación de audio, símbolos...) para facilitar a comprensión, o procesamento da información, o procesamento perceptivo, a atención, a resolución de problemas ou a memoria. Calquera pode beneficiarse aínda que é unha medida especialmente dirixida a colectivos con discapacidade intelectual, dano cerebral adquirido, autismo...ou persoas maiores. Algunhas adaptacións son as seguintes:

- Lectura fácil: Representa un texto de acordo con un conxunto de regras para que sexa máis fácil de entender.
- Sinalización: Por exemplo, utilizando pictogramas, apostando por una sinalización máis visible, incluíndo distintos tipos de sinais, mapas simplificados ou directorios.
- Wayfinding: é a organización física do espazo para que os camiños se perciban con naturalidade, evitando a desorientación e o estrés, ademáis de axudar a aforrar moito tempo.

#### (iii) Accesibilidade sensorial

A accesibilidade sensorial ten que ver coa eliminación de barreiras visuais e auditivas. Algunhas medidas son usar letras máis grandes, combinar sinais auditivas, visuais e táctiles, incluír o braille ou agregar metaetiquetas ás imaxes dixitais.

Tradicionalmente, na nosa sociedade, véñense realizando adaptacións fundamentalmente no medio físico (aínda que non suficientes), e esquecendo o eido cognitivo e sensorial.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

No concello de Ordes existen diversos entornos susceptibles de melloras.

No que se refire a barreiras físicas ou arquitectónicas:

- Moitas beirarrúas non presentan “rebaixe” para cruzar nin pavimentación táctil. Nalgúns casos existe dito rebaixe pero mal executado impedindo esa cota 0 que demandan as persoas con mobilidade reducida. Noutras situacións atopamos lama e auga na única zona rebaixada.
- Outras zonas non presentan o suficiente espazo para transitar ou presentan obstáculos. Isto provoca serias limitacións nas persoas con alteracións visuais, que usan cadeira de rodas, andadores ou que simplemente precisan do apoio doutra persoa ao seu carón para camiñar.
- Algunhas rúas teñen acceso exclusivamente por escaleira, estando a alternativa de paso a unha lonxitude considerable.
- As ramplas ou rebaixes que presentan moita pendente non son funcionais nin facilitan o desprazamento.

No referido a accesibilidade cognitiva os espazos públicos non están debidamente sinalizados. Esta situación dáse dentro do edificio do Concello, no centro de saúde, na Casa da Cultura...etc. Tampouco nas rúas existe unha axeitada sinalización dos principais centros de interese. Ben é certo que nos centros educativos se está a facer unha labor importante neste eido sinalizando con pictogramas máis pódense reforzar este tipo de iniciativas dende a administración local.

Tampouco se están adaptando os bandos ou as comunicacións importantes á lectura fácil.

En canto á accesibilidade sensorial non existen suficientes sinalizacións táctiles, como se citaba anteriormente, nin sinais acústicas nos semáforos.

Cómpre sinalar que moitas das problemáticas plantexadas teñen solucións ou alternativas sinxelas, de baixo custe. Trátase simplemente de que os/as representantes públicos/as adquiramos maior sensibilización na área e poñamos vontade en mellorar a contorna permitindo que os espazos permitan ser usados por todas as persoas en igualdade de oportunidades, fomentando a autonomía e a independencia.

Polo que, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

1. Elaborar un plan actualizado de accesibilidade municipal que contemple o eido físico, cognitivo e sensorial e que conste das seguintes etapas:

- Detección de barreiras.
- Definición das actuacións precisas para facer accesible a contorna.
- Programación e execución das actuacións.
- Seguimento e avaliación do plan.

2. Establecer alianzas coas Consellerías competentes para levar a cabo actuacións en materia de accesibilidade cognitiva, física e sensorial nos centros de ensino e o centro de saúde de Ordes”.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o que se formula nesta moción é algo de sentido común. Resulta lamentable que no ano 2024 teñamos que estar falando de procurar solucións a numerosas eivas que padecemos no noso concello en materia de accesibilidade. Cando lle notificaron a moción puxéronse a facer un repaso das iniciativas que o BNG leva presentando en materia de accesibilidade, dende o ano 2015 que entrou o actual goberno contabilizan máis de quince. Unha media de dúas, tres propostas por ano. Algunhas delas si que foron atendidas, pero outras moitas quedaron no limbo e non por ser moi complicadas de resolver ou custosas, senón por falta de vontade do alcalde e do seu equipo de goberno. Peticións desatendidas, facer accesibles os pasos de peóns da rúa Mestre Alfonso Lesta nas proximidades do cruce co rúa do Mirón, paso de peóns da rúa Rosalía de Castro no cruce coa rúa dos Lagartos os cales cun pequeno rebaixe ou resalto por medio dun paso elevado entenden que quedarían resoltos. Instalar unha varanda central nas escaleiras da rúa do Muíño cara o parque Félix Rodríguez de la Fuente, para reducir o risco de caídas que se teñen alí producido, suprimir o desnivel existente na parcela urbanizada paralela ao rego da Fraga que comunica a rúa do Muíño coa rúa do Recreo estendendo a rampla accesible a todo o ancho do viario. Dotar ao parque Félix Rodríguez de la Fuente de aseos accesibles. Planificar a colocación de terrazas cando se reserva espazo para a hostalería nas rúas onde sexa posible un itinerario accesible contra as fachadas dos edificios. O problema non radica en que non se coñezan as eivas en materia de accesibilidade nos espazos públicos do noso concello. O problema está en que non existe vontade do goberno municipal para darlle continuidade, non é unha prioridade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o BNG trae aquí as súas propostas, el podería facerlle todas as que executou o goberno municipal nos derradeiros oito anos en función das disponibilidades dos recursos, moitas delas en humanizacións, cantidade de actuacións que se fixeron nas rúas do termo municipal en aras de mellorar isto, moitas delas financiadas pola Xunta de Galicia, ningunha delas por parte da Deputación Provincial a pesar de térselle esixido. Convén ter en conta a emenda de substitución para mellorar esta moción. É un deber de todas as administracións públicas mellorar isto. Esixamos á Deputación, esixamos á Xunta de Galicia, como a nos mesmos. A emenda de substitución é a seguinte: 1. Solicitar a Deputación a Coruña a elaboración -ou no seu defecto, a financiación de alo menos o 80% do custo- dun plan actualizado e rigoroso das eivas actuais en canto a accesibilidade municipal nos edificios públicos e en todo o territorio do Concello de Ordes, que contemple o eido físico, cognitivo e sensorial e que conste alo menos das seguintes etapas: detección de barreiras, definición das actuacións precisas para facer accesible a contorna, programación da financiación e execución das actuacións, e seguimento e avaliación do plan. 2. Solicitar a Deputación a Coruña a redacción dun proxecto que permita a licitación das obras no presente mandato 2023-2027 para a tan necesaria humanización da rúa do Recreo completando ata o acceso ao cemiterio municipal do Valado; actuación que contemple a adaptación a normativa vixente en materia de accesibilidade coa eliminación das múltiples barreiras arquitectónicas existentes en este vial titularidade da Deputación. 3. Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a redacción dun proxecto que permita licitar a corrección das barreiras arquitectónicas ao longo da N-550 en todo o termo municipal de Ordes, dotalo de financiación, e proceder coa súa licitación e execución por fases. 4. Solicitarlle as Consellerías competentes da Xunta de Galicia, que procedan a levar a cabo todas as actuacións en materia de accesibilidade cognitiva, física e sensorial; tanto nos centros de ensino do municipio, como no centro de



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

saúde da vila de Ordes. 5. Dar traslado dos presentes acordos a Deputación da Coruña, ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, e as Consellerías de Sanidade e a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.. Piden para o noso concello o mesmo que fan vostedes nos concellos que gobernan. Sumaríanse a esta moción votando favorablemente si teñen a ben aceptar a mesma. É unha decisión do PSOE como formulante da moción.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que agradece a vontade de todos os grupos políticos para votar a urxencia e aceptar o debate desta moción que é dun calado importante, ademais nun día como o de hoxe no que se conmemora o día das enfermidades raras xa que moitas das persoas que as padecen implica que teñen problemas de accesibilidade. Abondando nas emendas do PP. Pedir á Deputación Provincial que asuma o 80% do custe é excesivo, seguramente sería posible asumir a maior parte deste gasto con recursos municipais, aínda así a prioridade para este grupo político é fomentar a autonomía persoal e a accesibilidade universal polo que non van poñer ningún tipo de impedimento neste punto. Si que existen medidas que se poden ir executando sen necesidade de financiación externa como é facer a cota cero para acceder ao paso de peóns da beirarrúa. A elaboración dun plan de accesibilidade é algo moi completo e leva tempo, hai medidas que son urxentes e non poden esperar por este tipo de plan. Están de acordo en notificar a todas as administracións competentes para que actúen en todas as áreas nas que teñen a súa competencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que levan nove anos gobernando para ir solucionando todas estes temas. As iniciativas de accesibilidade que quedaron no limbo non eran tan complicadas. A solución do paso de peóns da rúa Mestre Alfonso Lesta ou na rúa Rosalía de Castro é unha cuestión de vontade. Non custa tanto facer un rebaixe, un resalte na beirarrúa para que poidan ser accesibles, non é tan custoso ou complicado. A varanda nas escaleiras da rúa do Muíño cara o Parque Félix Rodríguez de la Fuente non é algo tan custoso é simplemente non querer facelo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fixo un lateral para poder transitar. Estivo esa varanda intermedia e a romperon en dúas ocasións. A recomendación dos técnicos que asinan os proxectos municipais foi que se colocase no lateral.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a recomendación da xente que cae é que exista. O financiamento é vostede que o ten que solicita. Recórdalle que todos os anos se aproba un Plan de obras e servizos aos cales vostedes cos nove votos que teñen e lle outorgan a maioría absoluta deciden a onde van eses proxectos e non os destinaron a solucionar estas eivas.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que lle pide que non confunda á poboación, o Plan de obras e servizos non permite facer estas actuacións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no Plan de obras e servizos veñen catrocentos mil euros e vostedes desvían estes fondos aos orzamentos municipais para despois destinalos ao que lles da a gana, e non os destinan a isto, esta é a verdade. Clama ao ceo que se faga un edificio novo como é o Centro Sociocomunitario e se replantexen mal as cotas e despois haxa que andar facendo chapuzas na beirarrúa para poder acceder ao edificio, houbo que deformar a beirarrúa para poder acceder á pranta baixa cunha cadeira de rodas. É unha cuestión máis de vontade que de outra cousa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o BNG ten os seus argumentos. O desvío do POS a gasto social faise en todos os concellos onde hai maioría absoluta por que é a única maneira



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de ser efectivos e realistas. Os únicos que non votan cada ano a favor do POS, os que votaron en contra este ano da humanización da rúa do Mirón que vai posibilitar a mellora da accesibilidade dese espazo foron vostedes, nin o PP, nin o PSOE. Leccións as xustas. Agradece que a voceira do POSE admita as emendas de substitución. Fagamos esta solicitude, vexamos a dilixencia que ten a Deputación en poder sacar adiante parte destes acordos. O mesmo lle piden coa necesidade que ten a rúa do Recreo, a rúa do Paraíso e que non teñamos que esperar tanto tempo como aconteceu coa senda da Pinguela onde se nos tratou de dicir que era responsabilidade municipal e quedou acreditado que era responsabilidade da Deputación. O mesmo está a acontecer coa senda que vai do Mesón do Vento á Brea. Non ha necesidade dun mantemento, é unha necesidade dunha substitución integral. Xa está feita a reclamación pertinente. O Sr. Vidal é experto en levantar a voz aquí, pero teñen moito que aplicarse onde vostedes teñen competencia. Agradece que poida haber un acordo unánime, a emenda trata de enriquecer a moción.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Solicitar a Deputación da Coruña a elaboración -ou no seu defecto, a financiación de alo menos o 80% do custo- dun plan actualizado e rigoroso das eivas actuais en canto a accesibilidade municipal nos edificios públicos e en todo o territorio do Concello de Ordes, que contemple o eido físico, cognitivo e sensorial e que conste alo menos das seguintes etapas: detección de barreiras, definición das actuacións precisas para facer accesible a contorna, programación da financiación e execución das actuacións, e seguimento e avaliación do plan.

2. Solicitar a Deputación da Coruña a redacción dun proxecto que permita a licitación das obras no presente mandato 2023-2027 para a tan necesaria humanización da rúa do Recreo completando ata o acceso ao cemiterio municipal do Valado; actuación que contemple a adaptación a normativa vixente en materia de accesibilidade coa eliminación das múltiples barreiras arquitectónicas existentes en este vial titularidade da Deputación.

3. Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a redacción dun proxecto que permita licitar a corrección das barreiras arquitectónicas ao longo da N-550 en todo o termo municipal de Ordes, dotalo de financiación, e proceder coa súa licitación e execución por fases.

4. Solicitarlle as Consellerías competentes da Xunta de Galicia, que procedan a levar a cabo todas as actuacións en materia de accesibilidade cognitiva, física e sensorial; tanto nos centros de ensino do municipio, como no centro de saúde da vila de Ordes.

5. Dar traslado dos presentes acordos a Deputación da Coruña, ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, e as Consellerías de Sanidade e a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo político PP, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O campo atravesamos unha difícil situación provocada por múltiples factores, como o aumento dos custos de produción; as asfixiantes demandas burocráticas e regulamentarias; a aplicación da nova PAC con máis esixencias ambientais que recaen sobre agricultores e gandeiros; e a seca.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Isto motivou que milleiros de agricultores e gandeiros se manifestasen para esixir ao Goberno de España e á Unión Europea un cambio no Plan Estratéxico da PAC, unha modificación das medidas ambientais e dos ecoréximes, a revisión da Lei da Cadea Alimentaria ou a derogación da Lei de Benestar Animal.

Son demandas que comparte o Grupo Popular, porque as políticas ambientais da Unión Europea, protexidas e mesmo intensificadas polo Goberno de España, levaron ao sector a unha situación insostible.

As peticións do campo do Concello de Ordes e do campo galego fanse dende distintos sectores e grupos políticos que veñen requirindo ao Goberno de España en distintos foros. Porén, o Goberno socialista foi o máximo defensor destas políticas ambientais, sen abordar o coñecemento económico e social, ignorando así o impacto que teñen no rural.

Do mesmo xeito, o Goberno fixo caso omiso ao sector, sen ningún diálogo nin consenso nas decisións, o que levou a mobilizar profesionais e organizacións do sector primario.

Os conselleiros competentes en materia de agricultura e gandería de diferentes comunidades autónomas, entre elas a de Galicia, solicitaron ao Ministro de Agricultura en numerosas ocasións a reunión extraordinaria da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, para tratar precisamente os asuntos que o sector está a preguntar, proposta que non foi atendida rexeitando sentarse a falar dos problemas reais do campo.

O Goberno, coas súas actuacións, agravou a situación do rural. Negociou unha PAC que supuxo menos ingresos e máis esixencias ambientais; non respondeu á situación de seca; disparou os custos de produción; non adaptou o sistema de seguros agrarios; ten prazos adiantados por riba do que esixe a UE; estableceu un imposto sobre o plástico e ameazou cun novo imposto sobre a produción e distribución.

Os agricultores e gandeiros españois enfróntanse a cargas dificilmente asumibles, con requisitos e custos que sufocan os seus beneficios, que non lles permiten garantir a súa rentabilidade e poñen en risco a sostibilidade das súas explotacións. A actuación do Goberno provocou unha perda de competitividade no rural, reducindo a produción en España e incrementando as importacións, cando debe ser prioritario garantir unha alimentación de calidade a prezos razoables para os cidadáns.

Defendemos aos nosos agricultores e gandeiros e pedimos ao Goberno un decálogo de medidas de aplicación inmediata, para dar resposta á crise do sector agrario. En particular, esiximos:

- Prezos xustos dos nosos produtos. Eliminación da especulación e creación de índices de referencia dos custos de produción en distintos sectores, incluíndo unha remuneración digna do traballo dos produtores, mecanismos para facer cumprir a Lei da Cadea Alimentaria e acabar con prácticas e marxes abusivas.
- Rexeitamento dos tratados de libre comercio (Mercosur) que poñan en risco as nosas producións, priorizándoas fronte a terceiros países que comercian coa Unión Europea.
- Eliminar a burocratización que asfixia a gandeiros e agricultores: Caderno Dixital, Decreto de Xestión da Explotación Bovina e Decreto de Fertilización Sostible do Solo.
- Adecuación dos ecoesquemas e da PAC á realidade da agricultura e gandería galega, pagos en función de persoas activas e non por superficie.
- Contías suficientes para atender as solicitudes de produción ecolóxica, así como todos os expedientes agroambientais e climáticos e axudas á incorporación.
- Recuperación da terra agraria e a súa especial protección para apoiar ao sector ante novos retos como cambio climático, novas enfermidades ou aumentos do custo dos combustibles. Fomentar a investigación pública que acompañe ao sector na situación actual e para afrontar



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

novas incidencias ou problemas que afectan á gandería e á agricultura, acadando unha maior sostibilidade en cada unha das explotacións.

- Promover o acceso da poboación a alimentos saudables promovendo e apoiando os mercados locais, os circuitos curtos e a compra pública de alimentos ecolóxicos e de proximidade.
- Mantemento da rebaixa do prezo do gasóleo para o sector primario, así como das condicións do gasóleo agrícola profesional.
- Retirada do lobo da LESPRES, indemnización dos danos causados pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, etc.) e de todas as perdas ocasionadas, que deberán minimizarse. Autorizar as batidas de control da fauna salvaxe.
- Creación dunha figura mediadora na negociación de contratos e posta en marcha de observatorios de prezos dos produtos agrícolas e gandeiros.

É por iso, que dende o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Ordes remitimos ao Pleno da Corporación Municipal os seguintes acordos a adoptar:

1.- Mostrar apoio ao sector primario no Concello de Ordes extensivo a toda a súa Comarca, aos seus gandeiros e agricultores. Reivindicamos a súa gran importancia no desenvolvemento da nosa bisbarra e da Comunidade Autónoma, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.

2.- Apoiar o decálogo de medidas para afrontar a crise do sistema agrario e agroalimentario galego.

3.- Solicitar ao Goberno de España a adopción das ditas medidas coa maior brevidade posible.

4.- Dar traslado dos presentes acordos aos grupos parlamentarios do Congreso, Senado e da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que piden reivindicar a importancia do sector primario no desenvolvemento do noso concello e da nosa comunidade autónoma, pero é que xa o fixo o goberno do estado liderado por Pedro Sánchez. O executivo recoñeceu o carácter estratéxico do sistema agroalimentario galego e español. Fíxose durante a pandemia e adoptáronse unha serie de medidas para apoiar o sector fronte ás dificultades, máis de catro mil millóns de euros en apoios extraordinarios nos anos 2022 e 2023. O socialismo ten moi claro que deberíamos garantir a produción de alimentos en Europa. Non incrementar a nosa dependencia de outros países, para iso é necesario manter o tecido agrario e a rentabilidade das nosas explotacións. Non aprobar ningunha nova norma que supoña restricións as producións de alimentos en Europa sen antes regular as alternativas que permitan manter a competitividade do agro galego, español e europeo. A posibilidade de que os regantes poidan contratar potencias eléctricas distintas no mesmo ano. Préstamos bonificados. En relación a isto debemos ter en conta que o sector agrogandeiro era tradicionalmente un modo de economía de subsistencia. Actualmente este sector basease no asentamento de grandes explotacións agropecuarias. Votan de menos nesta moción que se



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

defendan os intereses dos asalariados destas explotacións. Un exemplo de boa práctica neste sentido é o aumento do salario mínimo do goberno central. Si que defenden que todas as persoas poidan vivir dignamente, vostedes unha vez máis defenden aos máis ricos en lugar de os máis pobres. O sector conta con máis fondos europeos gracias á negociación en Bruxelas logo de manter o orzamento da PAC de máis de corenta mil millóns de euros en fondos europeos. O aporte extraordinario do Plan de transformación e resiliencia con máis de dous mil catrocentos millóns para o sector agrario. Todo isto a pesar do boicot constante do PP en Bruxelas que trata de impedir a toda costa para que eses fondos cheguen a España, Galicia e Ordes. Este goberno reivindicou a necesidade de establecer cláusulas espello nos acordos comerciais para esixir aos produtos importados cos mesmos requisitos en materia laboral. Gustaríalles aclarar a que se refiren coa recuperación da terra agraria, se se refiren a que as persoas que algún día con moito esforzo adquiriron un pequeno terreo agora poñan a disposición dos grandes propietarios eses terreos. Si iso é o que pretenden, adianta que están en desacordo. Piden potenciar o produto local, iso faise fomentando os mercados locais, non potenciando a creación dun hipermercado na vila. Esta moción non vai a favor do sector primario da vila de Ordes senón que é a propaganda política do PP. Parece que pretenden que o PP vote en contra pero xa lle adiantan que non o van a facer. Parafraseando ao expresidente Sr. Aznar nos non imos a ir a mendigar a Europa. Non é o caixeiro ao que acudir cando queiramos. Temos que participar duns convenios entre todos. O que non fai en Europa o PP é votar a favor, ou se abstén ou vota en contra. Expliquen isto.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que sinala que quere darlle ao PP a benvida á reivindicación das causas xustas. O decálogo de reivindicacións que se traen aquí son xustas, son necesarias e estráñalle velas debaixo dun logo do PP. Prezos xustos para o nosos produtos e facer cumprir a lei da cadea alimentaria que establece que non se poden vender produtos a perda, ten que haber un mecanismo de análise de custes de produción. Hai unha ferramenta a nivel galego que é a contaláctea que ten unha opción de cálculo de custes, pero non permite a validación dos datos que meten os gandeiros, non é un mecanismo vinculante. En decembro de 2021 o BNG presentou no Congreso dos Deputados unha emenda á lei da cadea alimentaria para que levase parello un mecanismo de cálculo de custes de produción, o PP votou en contra. Está ben evolucionar. A evolución é considerable, ou cambias de reivindicacións ou de partido. Deféndese na moción que os produtos teñen que cubrir os custes de produción e remunerar o traballo dos gandeiros. No ano 2009 unha das primeiras cousas que fixo o PP foi eliminar as figuras de mediación que regulaban os prezos, como era a Mesa do Leite, Mesa da Carne, o Observatorio de prezos do leite, da carne, alegándose que non se podía condicionar o libre mercado. Pero agora si que queremos mediar, o mundo é o sector e o mesmo. Todos cambiamos co caso do tempo. Rexeitamento dos tratados de libre comercio, Mecosur. Eurodiputado do PP Gabriel Mato dixo: ya es hora de tomar decisiones, que la Unión Europea se decida como ha hecho el grupo popular europeo. No podemos alargar mas los plazos para su firma. Feijoo no ano 2022 en decembro: sin duda que nosotros vamos a apoyar y apoyaremos este tratado por que lo empezamos en 1999. Feijoo dixo iso e agora o PP o contrario. Recuperación da terra agraria e a súa protección. No ano 2009 paralizouse todo o que tiña que ver co Bantegal, para no 2021 sacar unha ferramenta moi parecida, sempre e cando funcione ben, entendemos que está ben plantexada. Leva tres anos dicindo que van a mobilizar tres mil ha de terreos. Gustaríalle saber cantas ha se teñen mobilizado ata o de agora. Tamén porque no 2006-2007 dicíase moito que vai vir a Xunta a expropiara a leira, se con esta ferramenta tamén o van levar a adiante. Calquera ferramenta que se poña para os gandeiros e por en valor e producir eses terreos, son benvidas. Pero ao mesmo tempo estamos a autorizar parques eólicos en zonas de concentración parcelaria. As parcelas que quedan no campo de actuación dos parques eólicos non son parcelas que se poden declarar na PAC. Isto tamén se ten en conta ao aprobar estes parques. Contía suficiente para a produción ecolóxica. Isto parece unha broma. Foi o PP na Xunta de Galicia no ano 2022 deixou sen pagar o 80% de axudas de ecolóxico, por que non tiña cartos, por que se fixeran mal as contas, non había orzamento suficiente para cubrir as solicitudes, unha planificación marabillosa. Tamén as axudas Covid para carne, deixaban foran as explotacións de menos de dez vacas de carne, tivo que vir o TSXG en abril do ano 2023 houbo unha sentenza que insta a



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

que esas explotacións sexan beneficiarias desas axudas. O PP de Ordes vai a preguntar destes expedientes da zona. Retirada do lobo da LESPRES, está ben que se cotemplan a caza como control da fauna salvaxe. A fauna salvaxe é responsabilidade de toda a sociedade, forma parte do noso ecosistema e se esta produce danos aos gandeiros teñen que se indemnizar. As indemnizacións que se perciben por unha vaca morta de vinte e catro meses en produción é de 1.300 euros cando se cobra. Os danos do xabarín non cubren a cuarta parte de resemantar o millo tarda unha media de doce meses. Benvindos ás reivindicacións xustas. Xa que na anterior moción se propuxo que fose a Deputación a que financiase esta adaptación cara un Ordes máis accesible, entenden que agora non terán ningún problema para que se inclúa a esixencia de corresponsabilidade e adopción de medidas pola Consellería do Medio Rural nas competencias que lle son propias para dar eles o seu voto favorable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí o problema é que vostede ven aquí cun discurso do BNG e sindicalista do Sindicato Labrego Galego. Esta é unha demanda dos gandeiros, que saíron á rúa sen o apoio, sen o voto do seu partido e do seu sindicato. Estamos aquí a traer a demanda dos gandeiros, que lle pediron os gandeiros de Ordes. Non se vai a admitir ningún tipo de emenda política. É unha moción de apoio aos gandeiros. Quen os queira facer aquí o poden facer a raíz da moción que presenta o PP. Esta é unha moción como a que se presentou noutros concellos da nosa contorna de proposta en defensa do campo coas peticións dos gandeiros do concello e da comarca, que son os que nos preocupan. Co decálogo de peticións que eles nos trasladan. Poderíamos entrar en cantidade de análises do nefasto resultado do bipartito durante os anos 2005-2009 en materia de agricultura, en materia de moitos trámites nas súas competencias. Non vimos aquí para iso hoxe. Vimos a apoiar os gandeiros. O PSOE ven cun argumentario para a defensa do seu partido ante unha moción que é dos gandeiros, agricultores da nosa comarca e doutras comarcas da provincia da Coruña. O que máis lles preocupa, todos podemos entender e sumarse a que a Axenda 2030 está aí, que vai haber moita normativa europea que vai haber que cumprir, pero que precisan unha moratoria, por que os custes son moi elevados en moitos casos, que se lles está asfixiando. Están saíndo ás rúas en Galicia, pero tamén en todo España. Non van a entrar en ningunha discusión dun argumentario político nin co PSOE nin co Sindicato Labrego Galego, nin co BNG. Hoxe queren facer aquí política de partido. Hoxe veñen aquí cunha moción dos nosos veciños a queren trasladar como así lla piden. Están no seu dereito. Causas xustas, vostede as recoñece, vostede verá se se quere sumar a elas. A partir de aí veremos cales son os resultados. Son máis as 9000 ha de terreo recuperado, infórmese. Coas aldeas modelos e polígonos agroforestais son moitas máis a día de hoxe que están en trámite e en proceso segundo unha lei do ano 2021. Todas as medidas demagóxicas que estiveron anunciando estes días non conseguiron convencer a practicamente case ninguén. O Bantegal o único que se fixo foi melloralo. O Bantegal como tal segue funcionando, viuse que non era efectivo como estaba plantexado. Estanse adoptando outras medidas coa lei de recuperación da terra agraria. Todas son mellorables. Non ven aquí a facer un debate co seu argumentario do PSOE e sindicalista. Esta é a proposta en defensa do campo que lles trasladaron os gandeiros de Ordes. Traen esta moción baixo as siglas do PP por que non a poden presentar doutra maneira. Vostedes están no seu dereito de apoiar ou non apoiar esta proposta de apoio aos gandeiros galegos, e da nosa comarca.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que parece que expoñer os argumentos de cada un é ideoloxía política. Reitera como xa dixo antes ao final, están sempre a favor do sector primario. Van a darlles o seu apoio. Explíquenlles estas medidas, sobre todo a de recuperación da terra agraria. Non o entende, sobre todo despois de que falen da eliminación da burocracia, rexeitamento dos tratados, por un lado votan que non e por outro votan que si. Falan a nivel local, pero despois esixennos que teñamos voz coa Deputación, que intercedamos polo noso concello, fagan vostedes o mesmo coa Xunta de



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Galicia. Fala de argumentario, pero como ben di vimos a falar dos problemas do sector primario, gandeiro en Ordes. Se vamos a sacar o que fan uns e outros, non veñan dándolle clases aos demais. Ou estamos todos co sector primario de Ordes ou non estamos. O primeiro que hai que facer é poñer a andar praza de abastos, sentar aos produtores é facer unha denominación de orixe do grelo de Ordes, darlle aos produtores de aquí unha opción máis. Se nos piden unha cousa, escoiten tamén o que temos que dicir. Seguen se explicar que é a recuperación da terra agraria.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que sinala que cando veñen ao pleno veñen cun discurso político, unha emenda é unha expresión dunha ideoloxía política, unha moción tamén o é. Esta ideoloxía, argumentario a ten aquí e na taberna tamén.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle dixo que está no seu dereito de empregala, pero eles non veñen aquí a facer un debate sobre os argumentarios dos partidos políticos. Non van entrar nese debate co PSOE nin co BNG.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que esta moción que traen vostedes aquí é política. Fala dunha que é unha moción que lle piden os gandeiros de Ordes. Supón que os gandeiros de Ordes cunha explotación de menos de dez vacas que quedaron fora das axudas Covid ese día non estaban. Os gandeiros de Ordes que levan dous anos de retraso da PAC en zonas de concentración parcelaria ese día tampouco estaban. Os que tardan dous anos en cobrar unha indemnización por unha vaca morta ese día non estaban. Aquí a Xunta de Galicia ten competencias en moito do contido da moción. O único que están é instando que se pida que a Xunta tamén sexa corresponsable nas materias nas que ten competencias. Se se inclúe isto votarán a favor. Non se pode dicir aí fora botando balóns fora que todo é responsabilidade de Madrid, cando en Madrid votan en contra do que inclúen agora na moción e en Europa fan o mesmo. Non veño a dar leccións políticas, veño a dicir o que fan os seus compañeiros en Madrid e en Europa, para que llo diga tamén aos gandeiros de Ordes cando se reúna con eles.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle resulta preocupante que non se houberan plantexado reunirse con ningún de vostedes que é o que acaban de acreditar aquí coa súa defensa. Esta é a moción que lles trasladan agricultores e gandeiros, se se pode elevar ao pleno, elévase e agora cada un de vostedes decide o que quere votar en consecuencia. Agradécese o voto positivo do PSOE, vostedes fagan o que estimen convinte, non van a entrar hoxe aquí nun debate ideolóxico, de partido ou de sindicato.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Mostrar apoio ao sector primario no Concello de Ordes extensivo a toda a súa Comarca, aos seus gandeiros e agricultores. Reivindicamos a súa gran importancia no desenvolvemento da nosa bisbarra e da Comunidade Autónoma, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.

2.- Apoiar o decálogo de medidas para afrontar a crise do sistema agrario e agroalimentario galego.

3.- Solicitar ao Goberno de España a adopción das ditas medidas coa maior brevidade posible.

4.- Dar traslado dos presentes acordos aos grupos parlamentarios do Congreso, Senado e da Comunidade Autónoma de Galicia.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### 4. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A veciñanza de Queis indica que parte do alumnado da zona ten que agardar o autobús á intemperie pola inexistencia dunha marquesiña.

Ao mesmo tempo, en Lesta, localizamos unha marquesiña inutilizada á que non se lle realizan tarefas de limpeza tal e como pode apreciarse na foto. Debemos indicar que a escasos metros existe outra que é a que a veciñanza utiliza habitualmente.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se redistribúan ditos recursos para colocar unha marquesiña ao alumnado na parada que se indica (43.03565601434981, -8.423819383106828).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quen ten que traer a solicitude é o centro educativo, despois é necesario que haxa espazo público ou xente que o ceda.

- A veciñanza de Mercurín amosa a súa preocupación por un inmovible en estado de abandono situado en Perra. A maleza comeza a cubrir parte da vía pública así como propiedades dos veciños e existe risco de desprendemento.

Solicitamos ao señor Alcalde: -Que se notifique á propiedade a necesidade de realizar tarefas de limpeza así como tomar precaucións en canto aos riscos de desprendemento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está pedido o informe policía local

- Os residentes dunha casa (43.100618, -8.426510), en Mañufe, indican que a orientación da farola non alumea a vía pública na zona de maior tránsito.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se reoriente a farola para que a iluminación pública de servizo á veciñanza.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segundo a empresa a ubicación é a que pediron os veciños. Algo falla.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que a ubicación é a que se pediu pero habería que reorientala.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que haberá que poñer aos veciños en contacto coa empresa e ver o que acontece.

- A pista sinalada a continuación que vai cara a Mañufe dende Tralorrío (Mercurín) presenta fochancas e grava desprendida dificultando a circulación dos vehículos e ocasionando riscos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se amañe dita pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como todas as actuacións en pistas do concello iranse executando segundo se vaian aprobando os recursos. O rebacheo acometerase en abril-maio. A medición e valoración desta pista esta feita en 120.000 euros. Non está contratada en ningún plan.

- A veciñanza de Santa Cruz de Montaos indica que unha das vías de auga situada en A Chan (43.0357089, -8.4286071) se desborda habitualmente, especialmente en días de choiva. Isto acontece pola falta de limpeza da cuneta e por atoparse a canalización tupida de sedimentos.

Tal e como pode verse nas marcas da pista, a auga chega a cruzar dun extremo ao outro.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Realizar tarefas de limpeza para permitir a circulación da auga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é algo que xa era coñecido. Actuouse o 7 de febreiro de 2024, e a pala esta semana. Está xa arranxado.

- As persoas usuarias do local social de Fosado indican que este se atopa en estado de abandono. A herba atópase sen cortar, non se realizan tarefas de mantemento da infraestrutura e tampouco se limpan as inmediacións.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se solucione a situación descrita.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. Non coincide co que falan os veciños con eles.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A veciñanza de Fosado amosa o seu malestar polo estado das pistas da zona (43,03974° N, 8,44412° O). Esta situación dificulta o paso de vehículos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Asfaltar as pistas que se sinalan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén esta medida e valorada 59.000 euros. Asfaltar non por que non é a solución idónea para este vial, non ten cunetas. Nesa zona en Fosado quedan dúas actuacións pendentes, son plenamente conscientes.

- A pista de Fosado que se indica na imaxe presenta unha fuga de auga que sae ao exterior. A veciñanza asegura que esta situación se produce dende que se acometeron obras de canalización en zonas próximas. Dita avaría comeza a estragar firme.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Solucionar dita situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa foi comprobado no verán de 2023. Aparece e desaparece ao longo dos anos. Pedíuse a policía que investigue por que todo parece que é unha traída particular. A auga foi analizada no 2023, non ten cloro, non vai para nada por onde vai a traída municipal. Non sempre está. Non aparece nos planos de concentración parcelaria desta zona do ano 1960.

- Na Rúa Rosalía de Castro existe un obxecto de grandes dimensións colgado duns cables á caron da fachada dun edificio dando lugar a un risco para os viandantes.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se notifique aos responsables dita situación para solucionar o problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se pediu informe da policía local.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No lugar do Piñeiro, na parroquia de Santa Cruz de Montaos, a vía principal, nas coordenadas 43.02844,-8.41274, presenta un estado de abandono xa que non conta coas cunetas necesarias para a evacuación da auga nos días que chove (tal e como se pode apreciar nas fotografías anexadas), o que chega a provocar que entren augas pluviais nas casas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se realicen os traballos necesarios para arranxar esta situación.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai sección para iso, o pode comprobar nas fotografías que aporta. Non hai posibilidade de facer unha actuación pública nesa zona. Asfaltouse no ano 2019. Está plantexando actuar en propiedades privadas. Os setos, sebes e muros en fincas de concentración parcelaria os que están a provocar esta situación.

- Na N-550, ao seu paso por Guindiboo (Montaos) nas coordenadas 43.05044,-8.41937, hai unha marquesiña moi pouco iluminada. Isto provoca que nas mañás de inverno que aínda non abriu o día á primeira hora, o autobús moitas veces non se percate da presenza de xente na parada, ademais de resultar incómodo estar ás escuras a tales horas da mañá.  
É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se inste ao organismo competente a colocar un punto de luz que ilumine o lugar da marquesiña co fin de mellorar esta situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi falado onte coa empresa. Non hai punto de apoio viable. Darase traslado á Demarcación a ver se eles propoñen unha solución. Se a solución é elevarnos doce metros sobre a liña exterior non vamos a solucionar nada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A pista que pasa baixo a vía do tren nas proximidades do núcleo rural de As Fontenlas (Datum: ETRS89, Fuso UTM: 29, Coordenada X: 544.252,20 e Coordenada Y: 4.768.689,18), na parroquia de Parada, atópase en moi mal estado de conservación tal e como apreciarse nas fotografías que se expoñen a continuación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa reparación das citadas pistas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí teñen dúas situacións totalmente distintas. Houbo unha saca de madeira sobre o 10 de febreiro, fixeron o arranxo e foise a comprobar. Agora parece que os danos os causou a empresa que está a facer o mantemento de ADIF do desbroce ao longo da súa zona. Hoxe o concelleiro estivo alí. Avisouse á policía para que localice á empresa para que as arranxe.

- Algúns tramos das pistas da concentración parcelaria na parroquia de Barbeiros, atópanse deteriorados, poñendo como exemplo as existentes nas proximidades do lugar de Uzal, cara o Leste.

Tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan xunto ao presente rogo, existen fochancas de notable profundidade, así como tamén canles escavadas pola circulación superficial da auga sobre o pavimento da pista.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa reparación das citadas pistas.

A levar a cabo as actuacións precisas para garantir que a auga circule polas cunetas na vez de correr pola superficie das mesmas, evitando/minimizando deste xeito o seu



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

deterioro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son coñecedores desta situación. A parroquia de Vilamaior, Barbeios é a última que se acaba de desbrozar. Hai outros puntos que lles fixeron chegar os veciños, a Asociación de veciños. Esta a policía local facendo o informe. A maioría dos danos non son pola falta de mantemento do vial senón polo que acontece moitas veces que se tapona as cunetas co laboreo ou non se teñen entradas para entrar e saír das fincas. Están cunha campaña para que a xente faga as entradas e que deixen de laborear as cunetas e despois ir facendo a reposición unha vez que o tempo o permita.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que segundo as fotografías neste caso vese que non é polo laboreo, non lle quita razón que noutros casos así acontece. Insiste en que se repare por que está practicamente impracticable nalgunha zona.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Unha das profesionais do servizo de atención temperá atópase de baixa e o seu posto leva sen cubrir varias semanas. Dito servizo, aínda que está mancomunado, ten a súa ubicación en Ordes e, polo tanto, son moitos os nenos e nenas que acoden a él.

Dende o PSdeG-PSOE observamos tendencia a cubrir o persoal do SAT con moita tardanza, incluso naqueles casos nos que a ausencia das profesionais está prevista.

É polo que formulamos as seguintes preguntas:

¿A que se deben as dilacións indebidas na cobertura de postos do servizo de atención temperá?

¿Cando se prevé que o equipo de atención esté completo de novo?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira de política social, que sinala que non son tres semanas, a persoa colleu a baixa o día 12 de febreiro. As dilacións indebidas é unha circunstancia atenuante da responsabilidade penal, é incorrecto. Non se cubren nos prazos que se deberían cubrir por culpa da súa reforma laboral que esixe un proceso superlongo. Vaise cubrir á maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Diversas novas aparecidas en distintos medios de comunicación en días pasados informaban da cancelación das probas do Rally da Auga Comarca de Ordes pese a que estas xa tiñan data no calendario, concretamente para os días 12 e 13 de abril.

Entre os motivos que provocaron esta cancelación está, en palabras da organización, a "incerteza institucional local no ámbito económico e deportivo".



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Este rally, puntuable a nivel nacional, encadrado na Copa de España de Rallyes de Terra, supón un importante atractivo para os numerosísimos afeccionados ó mundo do motor que seguen estas probas. Os sectores da hostalería, hospedaxe, alimentación, estación de servizos, etc. do concello amosaron o súa satisfacción pola repercusión que nos seus negocios tivo este evento na pasada edición.

Dende o PSOE entendemos que actividades como estas deberían ser unha prioridade para calquera goberno local, que non só tería que pelexar por manter aquelas que escolleron Ordes como emprazamento, senón que tería que tentar atraer outras que contribúan a dinamizar a economía local.

Temos constancia de que a organización do Rally informou a varios afeccionados e participantes locais de que o evento se cancelaba por falta de acordo e imposicións do alcalde de Ordes.

A presidenta do Rally María Zas en declaracións á TVG achacaba o fracaso da negociación a “un problema de egos”. Isto suporía que o alcalde de Ordes, na súa función de representante da veciñanza do concello, antepón o seu EGO persoal, do que temos constancia que é bastante grande, ós intereses dos veciños ós que representa.

Descoñecemos se esta decisión foi valorada e meditada ou foi froito dunha acción impulsiva tomada sobre a marcha nalgunha reunión mantida entre o representante do concello e a organizadora do Rally. Non entendemos a decisión adoptada polo rexedor municipal e polo tanto formulamos a seguinte

Pregunta:

¿Pódemos explicar cales foron os motivos polos que tomou esta decisión para que o entendamos, non soamente o PSOE, senón tamén todos os veciños afectados?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que moitas das cousas que di aquí, non sabe de onde as saca, pero son falsas. Vai a darlle o seu punto de vista, despois vai a contestarlle que lle pode contestar. Non tivo xamais ningunha reunión para a organización do rally 2024. Nunca. A primeira comunicación que recibe como alcalde en relación ao rally foi a proposta para o 2024 o 11.12.2023. O día 12.12.2023 faise o requirimento de documentación para a celebración dunha proba deportiva. É o único documento que se firma. O 07.02.2024 recíbese un email adxuntando comunicado de cancelación do rally a auga. Eses encontros e reunións foron sempre cos representantes da mancomunidade. Non se lle pode acusar de cousas nas que non estivo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira e Presidenta da Mancomunidade de Municipios da comarca de Ordes, que sinala que hai sete concellos, por que se considera que foi o alcalde de Ordes. Nunca estivo en ningunha reunión. Parécelle unha falta de respecto dar por feito que unha persoa fixo ou dixo algo no que nunca estivo. O rally 2024 sempre se tratou en foro da comarca, da Mancomunidade da que unha servidora é a representante. Os sete concellos recibiron con sorpresa o comunicado do que se enteraron por redes sociais. Falouse con eles, dixeron que fora un mal entendido, quedouse en facer o rally. A Federación española deulle a puntuación do noso rally ao rally de Cataluña sen avisar aos organizadores que os excluían do calendario e sen ter notificación oficial de que eles non realizaban a proba.

Intervén a Sra. Berdomás Garcías, que sinala que a información que eles teñen é do que comunicaron a varios afeccionados os organizadores do rally. Faláron dos afeccionados. Non pretende ofender a ningún.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que os afeccionados directamente o que teñen que facer é falar con ela, que xa ela lles explique.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Os días 24 e 25 de marzo do ano pasado, tivo lugar a celebración na comarca de Ordes da 10ª Edición do Rally da Auga, proba automobilística puntuable para a Copa de España de Rallys de Terra, contando coa participación de 84 equipos, con ampla representación estatal e incluso internacional.

Recentemente comunicouse que a edición deste ano está cancelada, cando segundo se publicitou no seu día, esta proba íase celebrar na comarca de Ordes ata o ano 2025. A organización comunicou a cancelación e posteriormente a Federación Española de Automovilismo procedeu a retirar a proba do calendario oficial.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

- ¿Cales son os motivos polos que non se celebra o Rally da Auga 2024?.
- ¿Produciuse algunha mala experiencia en referencia a dita proba?.
- ¿Cales foron as cantidades económicas que acordaron aportar o Concello e a Mancomunidade de Ordes para a realización do Rally?.
- ¿Foron aboadas na súa totalidade?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os motivos de cancelación Comité organizador 07.02.2024. segundo non consta, non sabe a que se refire con isto. Concello cero euros. Gastos 2023 14.000 euros todos pagados, que tivo que asumir o Concello de Ordes na parte proporcional do que se desenvolveu nas pistas municipais e todo o que supuxo de organización na parte de competencia do noso termo municipal. Coa Mancomunidade está pendente un convenio que non se chegou a asinar por que non se chegou a concretar a celebración da proba, houbo unha cancelación. Non corresponde a este foro falar dos acordos coa Mancomunidade.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, que sinala que segundo ten entendido a Mancomunidade ten do ano pasado pendente de pagar cousas.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que a Mancomunidade non tivo ningún tipo de relación coa organización do rally 2023, é no ano 2024.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está equivocada, unha cousa foi a organización no ano 2023 e a dos anos sucesivos. Esta a mesturar cousas por que lle chega a información moi entremezclada. O concello non debe nada, os gastos aos que se comprometeu están todos aboadas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Na piscina Iván Raña Fuentes, o curso de natación nivel 0, que se impartía os martes e xoves de 16:30 a 17:15, comezou no mes de outubro e rematou no mes de decembro, contando con catro nenos/-as inscritos/-as.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

No mes de decembro, anunciouse no taboleiro da piscina que para renovar o vindeiro trimestre, deberíase proceder ao pagamento entre os días 11 e 17 de decembro, dun importe de preto de 54 euros.

Con posterioridade, notifican ás persoas usuarias desde a recepción das instalacións da piscina, que se cancela o curso, a pesares de que procederan á renovación os/as catro nenos/-as que estaban apuntados/-as anteriormente. Ademais indícase que para recuperar o importe xa aboado, debíase efectuar unha reclamación conxunta.

Segundo nos trasladan persoas afectadas, procédese coa reclamación pero por parte do concello de Ordes, non se acepta o procedemento, indicando que teñen que facer unha reclamación individual.

Toda esta situación, xera os seguintes problemas:

Non resulta de recibo que se anuncie a renovación do curso, aboando previamente o importe, e que logo por parte do concello se cancele o servizo a pesares de que tódolos/-as nenos/-as que estaban acudindo ao mesmo, ían continuar.

O concello de Ordes a pesares de cancelar o servizo de maneira unilateral, non ofreceu ningún tipo de cambio de horario, traslado dos/-as nenos/-as a outros, nin solucións ás persoas afectadas.

Debido ao acontecido, estes nenos/-as, atopáronse que de súpeto quedan sen actividade e non teñen onde poder apuntarse noutras instalacións por estar os cursos comezados e completos.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Por que motivo se cancelou o curso de natación nivel 0, que se estaba a impartir os martes e xoves de 16:30 a 17:15 nas instalacións da piscina Iván Raña Fuentes, a pesares de que tódolos/as nenos/-as apuntados/-as ían continuar?.

¿Para que se fai pagar previamente o importe do curso ás familias se tiñan intención de proceder coa súa cancelación?.

¿Por que motivo o concello de Ordes non ofreceu alternativas ás crianzas afectadas (traslado a outros cursos, cambio de horario...)?.

¿Por que razón non se aceptou a reclamación conxunta de devolución do importe aboado polas familias, cando se lles indicou que o fixesen dese xeito?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que o número mínimo de inscritos nos cursos en xeral é de nove usuarios. Nos de nivel 0 e bebés diminúese a seis por cuestións organizativas. Neste curso inicialmente no mes de setembro se inscribiron oito nenos, dos que asistiron asiduamente cinco. Cando chegou decembro e se renovan os cursos so se inscribiron catro nenos. Non era viable un curso así. O outro curso de nivel 0 estaba completo ao renovar todos os nenos. Non houbo maneira de meter outro curso a maiores noutro horario por que estaba todo ocupado. Os cursos deben aboarse no momento a inscrición. Na piscina, nin no concello consta entrada dunha reclamación conxunta. As reclamación preséntase no rexistro xeral e de xeito individual indicando o número de conta bancario. Outra cousa é que a sinatura do alcalde da orde de pago da devolución se asine toda xunta.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A semana pasada, facíase eco nos xornais que en 15 días hábiles poderíanse tramitar as primeiras licenzas ao amparo do PXOM de Ordes.

Mais este grupo municipal tivo coñecemento de que a entrada en vigor do PXOM vaise retrasar.

Lembramos a este respecto que foi imposto polo goberno municipal un pleno extraordinario innecesario, co correspondente gasto en dietas, para tratar a aprobación provisional do PXOM no mes de novembro, alegando non agardar ata o pleno ordinario correspondente pola présa para acadar a entrada en vigor.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿A que se debe o retraso na entrada en vigor do PXOM de Ordes?.

¿En que data entrará en vigor o PXOM de Ordes?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi moi necesario o pleno de novembro que permitiu aprobar provisionalmente o PXOM antes da convocatoria das eleccións autonómica, se tivéssemos seguido as súas indicacións estaríamos a día de hoxe cun PXOM sen aprobar. O retraso é unha vez que corrixa o erro na dilixencia o Sr. Secretario, está en trámite. O Secretario no BOP do día 19/02/2024 detectou un erro na publicación do PXOM, cousas que acontecen, que non afectan ao documento, que se detectou con posterioridade. Hoxe mesmo foi derivada esa corrección ao Rexistro de planeamento e a continuación sairá no BOP a corrección de erros e contarase o prazo de quince días hábiles para a entrada en vigor. Agarda que sexa canto antes.

- A parcela 57 do proceso de concentración parcelaria de Santa Cruz de Montaos, situada a carón do campo de fútbol e que acolle entre outros eventos, a celebración da festa do Rosario, segundo nos traslada veciñanza da parroquia, pasou no seu día a ser de titularidade municipal, logo dun acordo pechado entre o concello de Ordes e o Arcebispado.

Porén, coa entrega de títulos da concentración parcelaria de Santa Cruz de Montaos, segue constando coma titular da citada parcela o Arcebispado.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿A parcela 57 do proceso de concentración parcelaria de Santa Cruz de Montaos é de titularidade pública?.

No caso de que dito acordo fose materializado no seu día ¿Que ten pensado facer o goberno municipal para corrixir a titularidade da parcela?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que lle traslada á veciñanza non é correcto. En ningún momento pasou a ser de titularidade municipal. Isto é algo do que non eran coñecedores. Non é de propiedade municipal, é do Arcebispado. Hai unha solicitude feita a Medio Rural 01.11.2008 e outro escrito ao Arcebispado o 01.08.2009. En ningún momento se concretaron as conversacións que se puideron manter. Actuouse en base aos acordos entre a administración e o Arcebispado. Hai que reiniciar as conversacións para a materialización da permuta. Xa se puxo en contacto co Arcebispado sobre esta situación. So houbo trámites iniciais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Na parcela 79 do polígono industrial de Merelle estase a depositar un volume considerable de terras. Segundo consta na páxina web de Xestur, dita parcela semella ser de titularidade pública.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Son as parcelas 79 e 85 do polígono industrial de Merelle (zona do aparcadoiro e mais zona da fonte co viario que comunica o polígono coa estrada que leva a Esmorís) de titularidade pública?.

¿As terras depositadas na parcela 79 son para efectuar algún tipo de recheo ou trátase dun depósito temporal?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que contesta o que sabe. A primeira parte si. A segunda ese recheo foi acordado con Xestur, non co concello.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **quinze** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias